

Bo día.

Onte saiu publicada a Instrución 2/2023 sobre funcionamento de comedores escolares para o vindeiro escolar. Pregamos que a leades con atención para cubrir a documentación necesaria.

Segundo esta instrución o procedemento será o seguinte:

Novos usuarios: deben entregar solicitude e modelo de autodeclaración.

Resto de usuarios: só autodeclaración.

Para facilitar a organización do comedor, pregamos que cumprades os prazos e as instrucións. Poderedes entregar a documentación correspondente ata o 14 de xullo (recomendable) ou do 28 de agosto ata o 1 de setembro. A partires desta data, péchase a recollida de documentación, perdendo o dereito a obter praza no comedor (ver páx 18 da Instrución).

Puntos a ter en conta para cubrir a autodeclaración:

- Debe ser o **exercicio fiscal 2022** (o que acabamos de presentar).
- **TODOS** os usuarios deben presentala, incluídos os que non teñan obriga de facer a declaración. Neste caso, ides necesitar o certificado de ingresos.

Para facilitar o cálculo, vos achegamos un link á calculadora de comedores escolares da Xunta: www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp

- No caso de levar máis de 6 meses continuado de paro, ou que esa situación se dea durante o curso escolar, a contía a pagar poderá ser revisada previa acreditación correspondente no centro escolar (páx 21 da Instrución).
- Prestade especial atención sobre o punto de **unidades familiares** (páxinas 26, 27 e 28 da Instrución).

MOI IMPORTANTE: Os usuarios de comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento do curso pasado, isto é, que teñan pendente de aboamento calquera cantidade pola utilización do servizo, **NON** poderán figurar nas listas provisionais de admitidos ao comedor (páx 6 da Instrución).

PODEDES DESCARGAR A DOCUMENTACIÓN NECESARIA (SOLICITUDE E MODELO DE AUTODECLARACIÓN) NESTE ABALAR OU BEN PASAR POLA SECRETARÍA DO CENTRO A RECOLLELA, EN HORARIO DE 9.30 A 14.

Grazas.